

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE FEBREIRO DE 2018

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1031/2015.- CENTRO ECUESTRE ULTREIA S. L.U.- Conceder licenza de obras para a construción dunha nave destinada a gandería equina e legalización de peche de parcela no lugar de Aríns s/n.

LIC/1664/2016.- MARÍA BEGOÑA FREIRE POLO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha edificación de planta baixa destinada a garaxe en Lugar A Sionlla, 23.

LIC/1613/2017.- SUBCOM. PROPIETARIOS PONTE DE SAR, 36.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Ponte do Sar nº 36.

Lic/1198/2017.- JESÚS SEOANE GRELA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada en lugar Eixo de Arriba (O).

DESFAVORABLE.-

LIC/790/2017.- MARÍA ANGUSTIAS CALVELO MÍGUEZ.- Denegar a licenza solicitada para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Canteira de Abaixo (da), 23.

PARCELAMENTOS.-

LIC/1037/2017.- ALEJANDRO ÁLVAREZ CASTRO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública, declarar a innecesariedade de licenza de segregación da zonas cualificadas como ordenanza 11 e ordenanza 6 de dúas parcelas e conceder licenza de agrupación das parcelas sitas en rúa Vite de Abaixo nº 120 e 121.

LIC/822/2016.- DAVID IGLESIAS IGLESIAS.- Rexear a solicitude de ampliación da licenza de segregación da finca rexistral 29.552 parcela 1346 de concentración parcelaria de Eixo Marrozos.

LIC/1852/2017.- VÍCTOR MANUEL CERQUEIRO BARREIRO.- Denegar a solicitude de declaración de innecesariedade de licenza de parcelamento para a segregación de parte da finca sita no lugar Piñeiro – Vilvestro.

LIC/1911/2017.- SARA CERDEIRA OTERO.- Denegar a solicitude de declaración de innecesariedade de licenza para segregar en dúas vivendas o local sito na planta primeira do edificio sito en rúa República del Salvador nº 13.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para a construción dunha nave destinada a gandería equina e legalización de peche de parcela no lugar de Aríns s/n. LIC/1031/2015. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e concesión da licenza para a construción dunha edificación de planta baixa destinada a garaxe en Lugar A Sionlla, 23. LIC/1664/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e concesión da licenza para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Ponte do Sar nº 36. LIC/1613/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e concesión da licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada en lugar Eixo de Arriba (O). LIC/1198/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da licenza solicitada para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Canteira de Abaixo (da), 23. LIC/790/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública, declaración da innecesariedade de licenza de segregación da zonas cualificadas como ordenanza 11 e ordenanza 6 de dúas parcelas e concesión da licenza de agrupación das parcelas sitas en rúa Vite de Abaixo nº 120 e 121. LIC/1037/2017. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento da solicitude de ampliación da licenza de segregación da finca rexistral 29.552, parcela 1346, de concentración parcelaria de Eixo-Marrozos. LIC/822/2016. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da solicitude de declaración de innecesariedade de licenza de parcelamento para a segregación de parte da finca sita no lugar Piñeiro - Villestro. LIC/1852/2017. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da solicitude de declaración de innecesariedade de licenza para segregar en dúas vivendas o local sito na planta primeira do edificio sito en rúa República del Salvador nº 13. LIC/1911/2017. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial do Estudo de Detalle do ámbito 5 da ARI de Vite. Rúas de Blanco Amor e Otero Pedrayo. Apróbase inicialmente o Estudo de Detalle do ámbito 5 da ARI de Vite, que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á transmisión da licenza de taxi número 7, da titularidade de D. José Manuel Balo Rey, a favor de D. Diego Seoane Sánchez. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á cesión a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. das instalacións de subministro e distribución de enerxía eléctrica executadas na urbanización do SUNP-11. Apróbase a proposta.

13.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles. Apróbase a proposta.

64.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha exención no IBI ás Clarisas do convento de Santa Clara. Acórdase conceder a exención no IBI do convento de Santa Clara.

65.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación da selección da operación "centro municipal de atención integral a persoas sen fogar de Santiago", co fin da tramitación da súa aprobación perante o Ministerio de Facenda e Función Pública. Acórdase a selección da operación para a súa tramitación ante a Autoridade Xestión do Programa Operativo de Crecemento Sostible de cara á súa inclusión na EDUSI

66.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do contrato de "subministro e instalación de elementos novos para remodelación da área de xogos infantil do parque de Pablo Iglesias". Acórdase a adxudicación do contrato a favor de HPC Ibérica SA por un importe de 76.777,33 euros, IVE incluído.

67.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do contrato de "subministro e instalación de elementos novos da área de xogos infantil do parque de Outeiro de Sar. Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE". Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa LAPPSET España, por un importe de 145.179,27 euros, IVE incluído.

68.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación da acta nº 1, de prezos contraditorios do contrato de servizo de mantemento e conservación do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo. Apróbase a acta de prezos contraditorios nº1 para a determinación do prezo do contactor necesario para mellorar a seguridade de activación das barreiras do túnel do Hórreo, instalando un en cada unha das catro existentes.

69.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á prórroga do contrato de "servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela". Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa Kapsch TrafficCom Transportation SA polo prazo de dous anos, a contar desde o 15 de febreiro de 2018, e por un importe total de 1.026.295,75 euros.

70.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras relativa á adxudicación do contrato de execución das obras do proxecto "Mellora e rehabilitación dos pavimentos nos viario das parroquias de Sabugueira, Figueiras e Marrozos", do Plan Complementario POS 2016. Acórdase adxudicar o contrato á empresa Obras y Viales de Galicia, por un importe de 129.420 euros, IVE incluído.

72.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de acondicionamento da praza de acceso ao campo de fútbol de Santa Isabel. Apróbase o proxecto técnico de acondicionamento da praza de acceso ao campo de fútbol de Santa Isabel cun orzamento máximo de licitación de 71.995 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de dous meses.

73.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio entre o concello e o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade para o proxecto SMARTIAGO, cofinanciado con fondos FEDER. Dase conta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o fomento do emprego a través dos Programas de Cooperación 2018. Apróbase a solicitude da subvención para a contratación de dous traballadores e traballadoras desempregados para o Programa de Socorrismo nas praias fluviais de Tapia e O Refuxio. A subvención autonómica solicitada é de 6.400 euros.

2.Proposta de alcaldía relativa á designación de vogal e suplente en representación do Concello de Santiago na Comisión Organizadora do Xacobeo 2021. Acórdase designar a Martiño Noriega Sánchez como vogal titular na Comisión Organizadora do Xacobeo 2021 e a Marta Lois González como suplente.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto básico e de execución da ampliación do patio e dotación de parque infantil do CEIP Quiroga Palacios. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 77.2227,04 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de dous meses.

4.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centros Cívicos relativa á modificación do acordo de Xuntade Goberno de 22 de xaneiro de 2018 de adxudicación da prestación do Servizo de Axuda no Fogar. Modifícase o acordo, de tal xeito que a data definitiva de sinatura da acta de inicio do servizo será o 14 de febreiro de 2018, non tendo este cambio de datas repercusión económica de ningún tipo.

5.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centros Cívicos relativa á convalidación das actividades regulares e de continuidade da rede de Centros Cívicos, de febreiro e marzo de 2018 e á aprobación dos prezos públicos. Apróbase a convalidación do gasto das actividades regulares do mes de xaneiro de 2018, cuxo gasto ascende a 18.822,07 euros. Apróbase a programación de actividades regulares previstas para o período comprendido entre o 1 de febreiro e o 31 de marzo, cuxo gasto ascende a 43.477,93 euros e polas que se prevé un ingreso de 14.701 euros. Apróbanse os prezos públicos das actividades da programación.